

O timo da paga extra do 2012

Confirmado: só devolven o 26,23 da extra de 2012 e adían todo o demais

Esiximos a negociación inmediata da devolución de días de asuntos persoais e adicionais de vacacións e a devolución do 100% da extra de 2012 e o PP négase.

A pesares de que o RD-I 10/2015 sinala que as Administracións Públicas poderán establecer máis días de asuntos persoais por antigüidade e días adicionais de vacacións, o PP négase a negocialo xa, reservando esa baza para o período electoral.

Igualmente, a devolución do 26,23% da extra de nadal do 2012 que a Administración do Estado vai devolver en outubro, Feijoo quere devolvela en decembro a poucos días das Eleccións Xerais.

En relación ao 50% da extra do 2012 que nos deben din que irá nos Orzamentos Xerais de 2016 (supoñemos que a pagar antes das Eleccións Autonómicas).

No Estado xa teñen os seguintes días a maiores:

Días de vacacións	
Todos/as os/as empregados/as públicos/as	22 días
Con 15 anos de servizo	23 días
Con 20 anos de servizo	24 días
Con 25 anos de servizo	25 días
Con 30 anos ou máis de servizo	26 días

Días de asuntos persoais	
Todos/as os/as empregados/as públicos/as	6 días * <small>*máis un por cada festivo estatal que coincida en sábado</small>
Con 6 trienios	8 días
A partir do 8º trienio	1 día máis por cada trienio



Para a Administración galega **isto supón perder 3 días de asuntos persoais** en relación ao dereito establecido no artigo 76 da antiga Lei de Función Pública, que partía de 9 días iniciais.

E QUE PASA CO QUE NOS RECORTAN POR SER GALEGOS/AS?

O recorte do específico das pagas extras e cantidade similar para o persoal laboral, que o PP practicou nas nosas nóminas de 2013, 2014 e 2015 TAMPOUCO QUEREN DEVOLVELO.

Para facerse unha idea as cantidades adebedadas polo noso traballo efectivo supoñen as seguintes contías segundo o nivel:

Recorte extras 2013, 2014 e 2015	
Específico	Recorte en €
30	9.016,66
28A	6.849,36
28B	6.259,14
26	5.647,68
25	5.046,78
24	4.565,94
22	3.724,68
20	3.041,76
18	2.763,24
16	2.681,22
14	2.560,92
12	2.440,80
10	2.393,10

Persoal laboral: O equivalente as cantidades arriba expostas, o que supón unha **PERDA** de máis de un 25% de media, **unha paga extra de 1000€ a día de hoxe, tería que ser de MÁIS DE 1250€**



9 dereitos que o PP non quere que recuperes

Devolven unha cuarta parte da extra. No Estado tamén e ademais uns días a maiores. Pero de todo o recortado nestes anos, o que devolven son só migallas. Todos estes dereitos non nolos queren devolver:

1. PAGAR POR ENFERMAR. Non pensan modificar os recortes por incapacidade temporal que estableceron para non pagar o 100% das IT's os primeiros 20 días.

2. NON QUEREN DEVOLVER O ESPECÍFICO DAS EXTRAS DE 2013, 2014 E 2015. (Nin a cantidade similar para o persoal laboral) que o moroso Feijoo deixou de pagarnos polo noso traballo efectivo, o que supón un agravio con respecto a empregados/as públicos/as doutras Administracións.

3. SEGUIRÁN RECORTADOS O SOLDADO BASE E OS TRIENIOS DA EXTRA. Como sabes, as pagas extras ademais de ter recortado o específico en Galiza teñen un recorte no soldo base e trienios aplicado aos empregados/as de case todas as Administracións.

4. NON HABERÁ FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (agás as axudas por persoa con discapacidade) Nin se destinarán as cantidades do mesmo en forma de retribución directa aos empregados públicos.

5. OS GALEGOS NON COBRAMOS AS CANTIDADES DERIVADAS DO FONDO DE PENSIONES DO ESTADO, que a CIG esixiu que se integraran como retribución directa e efectiva nas nóminas dos empregados/as públicos/as da Xunta en vez de fomentar sistemas privados de aforro.

6. O PERSOAL LABORAL NON VAI VER RESTAURADO O V CONVENIO COLECTIVO que a Lei de Medidas suprimiu, especialmente o referido a descansos por traballar a quendas e vacacións.

7. NON SÓ SUFRIMOS CONXELACIÓN SALARIAL, SENÓN UNHA REBAIXA QUE SE CONSOLIDOU EN ANOS ANTERIORES. (Grazas Zapatero). Por suposto o PP non quere oír falar de recuperar como base os niveis salariais de antes do RD-I 8/2010 en que Zapatero nos rebaxou o 5% e máis das nosas nóminas e que nunca recuperamos.

8. IPC. Nin falar de IPC, nin de recuperar a capacidade adquisitiva perdida nestes 5 anos. E para os seguintes xa veremos si aplican a desindexación para aumentos de miseria ou seguimos conxelados.

9. LUCRO CESANTE. O que deixamos de gañar en salario directo ou en dereitos e que ten unha valoración pecuniaria. Aínda que agora nos devolveran días de asuntos persoais, non recuperamos os días perdidos nestes anos nin establecendo un fondo de días de permiso perdidos nin facendo unha estimación económica do valor dos mesmos. Ao igual que acontece co deixado de percibir ao non existir promoción interna ou concursos de traslados.

Estamos na web!!
<http://autonomica.cigadmon.org/>



Confederación Intersindical Galega

Parque de San Lázaro, 12 4º andar

32003 Ourense

988 223 3850

ourense@cigadmon.org

Modificación do Decreto de listas de contratación

Función Pública comunicounos que, en breve, mandarán o borrador da modificación do Decreto de listas de contratación e que se procederá a abrir un período de alegacións ao mesmo. Tamén indicaron que a integración das categorías profesionais dos grupos II, IV e V vai avanzar e que enviarán unha proposta ao longo deste mes de setembro. Segundo vaiamos tendo a información procederemos a comunicala a través desta web.

CURSOS DE FORMACIÓN

Está aberto o prazo de matrícula para os seguintes cursos de formación continua:

As persoas que estean interesadas en inscribirse poden facelo na páxina de forGA (<https://forga.gal/>) e tamén nos local sindical da CIG no Parque de San Lázaro, 12 – 4º andar

Curso	Horas
Reciclaxe para educadores de menores	35
Funcion do mando intermedio na prevencion de riscos laborais	30
Atencion ao cliente e calidade do servizo	30
Introducion aos dereitos no traballo	25
Informatica aplicada a xestion	45
Interpretacion e calculo de nóminas	25

O PP non quere devolver as pagas extras de 2013, 2014 e 2015 nin suprimir os descontos por enfermidade

Tampouco restablecen o soldo base e trienios das extras equiparados as mensualidades

Despois dun lustro de recortes e con eleccións á vista, o PP quere facer un xesto de cara a mercar vontades dos/as empregados/as públicos/as devolvendo no 2015 un 26,23% da paga extra de decembro de 2012, vinte días antes das Eleccións Xerais.

O conselleiro confirmounos o luns 14 que só devolverán esa cantidade (do 2012), e que o restablecemento de días de asuntos persoais e adicionais de vacacións quedarán para “unha posterior negociación”. Supoñemos que para a xornada de reflexión saberemos algo.

Limitase a aplicar o mínimo ao que están obrigados

Na xuntanza que tivemos o luns 14 co conselleiro, este confirmounos que a Xunta de Galiza limitarase a trasladar ao persoal que depende da administración pública galega os contidos dos decretos establecidos polo Goberno español, quedando pendente o resto para unha posterior negociación.

Nin recuperación das pagas extras completas que nos roubaron no 2013, 2014 e 2015, nin recuperación do 100% das retribucións por Incapacidade Temporal dende o primeiro día, nin restitución da xornada laboral modificada a diferentes colectivos.

A CIG denuncia a enorme perda de poder adquisitivo do persoal das administracións públicas galegas ata o ano 2015, que se eleva a máis do 30% desde o ano 2010 e que, segundo o avance dos orzamentos da Xunta, tampouco se recuperará para o ano 2016. A única previsión que teñen é o pagamento do 50% da paga extraordinaria adebedada do ano 2012 e limitarse a traspoñer o contido dos Orzamentos Xerais do Estado no que se refire a esta materia, que contempla unha suba salarial de tan só o 1% e fixar unha taxa de reposición de efectivos no 100% en servizos esenciais e un 50% para o resto dos servizos.